



ANEXO A PROGRAMACIÓN:

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO:

CURSO: 3º A 6º DE GRAO PROFESIONAL

MATERIA: MUSICA DE CAMARA

DEPARTAMENTO: CONXUNTO

DATA:

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1 Mínimos esixibles.

Aplicaranse os correspondentes ata a segunda avaliación. Os da terceira avaliación serán aplicados no seguinte curso no caso dos alumnos que non os superasen neste período.

2 Procedementos de avaliación e cualificación.

Observación da actividade desenvolvida na terceira avaliación ou nas actividades de recuperación propostas. Empregaranse os **criterios de avaliación** que constan na programación, aínda que non serán tidos en conta os criterios de avaliación nin de cualificación que supoñan actividades presenciais.

O alumnado ca segunda avaliación suspendida e non recuperada por procedementos de recuperación ordinarios, ou que non puidese ser avaliado de maneira continua, realizará por vía telemática unha proba individualmente, para a que será convocado por correo electrónico e a través de Centrosnet. A cualificación final será a cualificación obtida nesta proba.

Dita **proba** consistirá na Interpretación da parte individual dun programa camerístico de vinte minutos de duración e que comprenda dous estilos musicais diferentes. O repertorio poderá ser proposto polo alumno, pero debe contar co visto bo do profesor. No caso de ter a posibilidade de facelo, o examen pode ser substituído por unha grabación de vídeo con varios instrumentistas

3 Criterios de cualificación.

Alumnado ca segunda avaliación aprobada: se cualificará ca **nota media** das dúas primeiras avaliacións.

. No caso de resultar menor ca nota da segunda avaliación, manterase ésta como nota final. . A cualificación final poderá aumentarse en función das actividades desenvolvidas polo alumno na terceira avaliación ata un máximo de **dous puntos**.

Alumnado ca segunda avaliación suspensa (sen recuperar) ou que non puidese ser avaliado de forma continua:

A cualificación será a da proba descrita no apartado anterior, cos seguintes **criterios**

CUALIFICACION		
Afinación* (33%) * “Aspectos técnicos” cando non se contemple este parámetro	Ritmo (33%)	Adaptación estilística (33%)

4. Instrumentos de avaliación

Métodos telemáticos: Videochamada (watsapp, zoom, skype) en tempo real ou ben recepción de vídeos ou grabacións sonoras. Empregaranse os mesmos medios que os empregados para manter o contacto co alumnado durante a terceira avaliación.

5. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso)

Dada a natureza das materias deste departamento, é practicamente imposible desenvolver actividade didáctica co alumnado, xa que non se pode efectuar a práctica musical conxunta por medios telemáticos sen a utilización de claqueta o grabación de apoio. Sen embargo, realizáronse algunhas actividade de xeito individual o incluso pequenos proxectos de grabación a distancia como complemento.

6. Información e publicidade

A adaptación da programación para o terceiro trimestre será remitida a Inspección Educativa, as familias a través da plataforma Centros Net e correo electrónico. Ademais colgarase na páxina web do Centro.

